



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000021

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e doce minutos do día dezaoto de xuño de dous mil vinte e catro, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 298 de data 17 de xuño/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas: dona Rosa Ana García López

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. E asiste a interventora dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 11.06.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 11.06.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTIVIDADES DEPORTIVAS PROGRAMA OCIOSOL.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO PROGRAMA OCIOSOL.

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, coñecendo da necesidade de contratación da prestación do servizo de actividades deportivas do programa OCIOSOL en Valdoviño durante o período vacacional de verán nos meses de xullo e agosto de 2024

vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos do Concello e

visto o informe técnico do Departamento de Deportes, que se transcribe a

continuación:

“INFORME DE NECESIDADE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO PROGRAMA OCIOSOL.

1. ANTECEDENTES

A normativa Reguladora de Bases de Réxime Local, determina a asunción por parte das entidades locais de competencias en materias de actividades deportivas, promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, culturais, e asociativas, así coma a implementación dos servizos no seu termo municipal para toda a sociedade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

Durante os meses de xullo e agosto na instalación da pista deportiva municipal de A Frouxeira e no pavillón municipal Longoiro (en caso de choiva) impártense cursos de actividades deportivas nos seguintes horarios:

Luns a venres de 10:30 a 13:30 horas.

Actividades propostas (un total de 16 clases semanais de 1 hora de duración):

Menores (6 a 13 anos); atletismo (2 horas/semana), fútbol sala (4 horas/semana), baloncesto (2 horas/semana), multideporte (2 horas/semana) e tenis (4 horas/semana).

Adultos; ximnasia de mantemento (2 horas/semana).

Durante o mes de agosto celébrase anualmente o torneo de fútbol sala no polideportivo municipal Longoiro en horario de luns a venres. Inscripción para 12 equipos (en 2 grupos) coa celebración de 3 partidos diarios durante 10 xornadas de 20:00 a 23:00 horas, celebración de 2 partidos diarios durante 3 xornadas de 20:30 a 22:30 (cuartos de final e semifinais) e 1 xornada para a final de 21:00 a 22:00.

Para o cal é necesaria a coordinación e arbitrxes do torneo.

3. OBXECTIVO

Ofrecer á poboación unha oferta deportiva para tódalas idades no noso municipio durante as vacacións de verán (xullo e agosto), mediante a contratación dunha empresa externa especializada no sector para a prestación dos servizos de cursos de actividades deportivas e celebración de torneo de fútbol sala.

4. PROCEDEMENTO

É imposible realizar o obxecto do contrato por medios propios, debido ás especificacións do persoal, ás funcións propias do proxecto e ao cadro de persoal existente actualmente na área de Deportes.

O procedemento de contratación rexerese pola modalidade de contrato menor, como opción excepcional dos procedementos administrativos.

Para isto, procederáse a facer unha invitación xeral a varias empresas do sector para a presentación de ofertas, establecendo un prazo máximo de entrega no Rexistro Municipal.

A selección de empresas para a invitación será atendendo á especialización no dito ámbito.

5. ORZAMENTO

Considerando o gasto dos últimos anos, estímase que será preciso destinar 6.500€ (máis IVE) para o desenvolvemento do servizo, á espera de valorar as propostas presentadas.

Tratase dun concepto anual fixo xa previsible no gasto municipal.

Considerando o anterior, INFORMO

a necesidade de iniciar o procedemento administrativo de contrato menor para a contratación da prestación do servizo de cursos de actividades deportivas durante os meses de xullo e agosto de 2024, e celebración de torneo de fútbol sala, a través da xestión dunha empresa externa.

Documento asinado electrónicamente polo técnico do servizo municipal de deportes do Concello de Valdoviño, na data indicada á marxe.”

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar o procedemento para a contratación da prestación do servizo de cursos de actividades deportivas durante os meses de xullo e agosto de 2024, e celebración de torneo de fútbol sala, a través da xestión dunha empresa externa, cunha estimación de gasto máximo de 6.500€ (máis IVE), condicionado o dito importe ao resultado da valoración das propostas presentadas.

O Alcalde
Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C002/000007).

3º.- APROBACIÓN CONTRATACIÓN CURSOS PISCINA MUNICIPAL NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2024.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CURSOS DE NATACIÓN NA PISCINA MUNICIPAL DE LAGO, VALDOVIÑO.

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, coñecendo da necesidade de contratación do servizo de cursos de natación na piscina municipal de Lago en Valdoviño durante o período vacacional de verán nos meses de xullo e agosto de 2024

vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos do Concello e

visto o informe técnico do Departamento de Deportes, que se transcribe a

continuación:

“INFORME DE NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CURSOS DE NATACIÓN NA PISCINA MUNICIPAL DE LAGO (VALDOVIÑO).

1. ANTECEDENTES

Durante os meses de xullo e agosto na instalación da piscina municipal de Lago impártense cursos de natación para menores e adultos nos seguintes horarios:

-Luns a venres de 11:00 a 14:00 horas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

Para o correcto funcionamento da instalación durante ese horario é necesaria a prestación adecuada do seguinte servizo:

Cursos impartidos por persoal titulado:

-Natación para nenos (3 a 12 anos) niveis iniciación, intermedio e perfeccionamento.

-Actividade de aquagym (menores e adultos).

-Actividade de nado libre (menores e adultos).

-Actividade de natación para bebés (4 a 36 meses).

3. OBXECTIVO

Ofrecer á poboación o uso da piscina municipal durante as vacacións de verán (xullo e agosto), mediante a contratación dunha empresa externa especializada no sector para a prestación dos servizos de cursos de natación.

4. PROCEDEMENTO

A pesares de ser un servizo municipal, é imposible realizar o obxecto do contrato por medios propios, debido ás especificacións do persoal, ás funcións propias do proxecto e ao cadro de persoal existente actualmente na área de Deportes.

O procedemento de contratación rexerese pola modalidade de contrato menor, como opción excepcional dos procedementos administrativos.

Para isto, procederase a facer unha invitación xeral a varias empresas do sector para a presentación de ofertas, establecendo un prazo máximo de entrega no Rexistro Municipal.

A selección de empresas para a invitación será atendendo á especialización no dito ámbito.

5. ORZAMENTO

Considerando o gasto dos últimos anos, estímase que será preciso destinar 5.500€ (máis IVE) para o desenvolvemento do servizo, á espera de valorar as propostas presentadas.

Tratase dun concepto anual fixo xa previsible no gasto municipal.

Considerando o anterior, INFORMO

a necesidade de iniciar o procedemento administrativo de contrato menor para a contratación da prestación do servizo de cursos de natación na piscina municipal durante os meses de xullo e agosto de 2024, a través da xestión dunha empresa externa.

Documento asinado electrónicamente polo técnico do servizo municipal de deportes do Concello de Valdoviño, na data indicada á marxe.”

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar o procedemento para a contratación do servizo de cursos de natación na piscina municipal de Lago en Valdoviño durante o período vacacional de verán nos meses de xullo e agosto de 2024 cunha estimación de gasto máximo de 5.500€ (máis IVE), condicionado o dito importe ao resultado da valoración das propostas presentadas.

O Alcalde
Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C002/000006).

4º.-APROBACIÓN CONTRATACIÓN SERVICIOS PISCINA MUNICIPAL (SOCORRISMO, CONTROL DE ACCESO E LIMPEZA) EN XULLO E AGOSTO DO 2024.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL DE LAGO, VALDOVIÑO.

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, coñecendo da necesidade de contratación de servizos (socorrismo, control de acceso e limpeza) para a apertura da piscina municipal de Lago en Valdoviño durante o período vacacional de verán nos meses de xullo e agosto de 2024

vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos do Concello e

visto o informe técnico do Departamento de Deportes, que se transcribe a

continuación:

“INFORME DE NECESIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL DE LAGO, VALDOVIÑO.

1. ANTECEDENTES

Durante os meses de xullo e agosto a instalación da piscina municipal de Lago abre ao público para uso recreativo e de ocio nos seguintes horarios:

- Luns a venres de 16:00 a 20:00 horas.
- Sabados, domingos e festivos de 12:00 a 20:00 horas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

Para o correcto funcionamento da instalación durante ese horario é necesaria a prestación adecuada dos seguintes servizos:

- Socorrismo.
- Control de acceso.
- Limpeza.

3. OBXECTIVO

Ofrecer á poboación o uso da piscina municipal durante as vacacións de verán (xullo e agosto), mediante a contratación dunha empresa externa especializada no sector para a prestación dos servizos de socorrismo, control de acceso e limpeza.

4. PROCEDIMENTO

A pesares de ser un servizo municipal, é imposible realizar o obxecto do contrato por medios propios, debido ás especificacións do persoal, ás funcións propias do proxecto e ao cadro de persoal existente actualmente na área de Deportes.

O procedemento de contratación rexerese pola modalidade de contrato menor, como opción excepcional dos procedementos administrativos.

Para isto, procederase a facer unha invitación xeral a varias empresas do sector para a presentación de ofertas, establecendo un prazo máximo de entrega no Rexistro Municipal.

A selección de empresas para a invitación será atendendo á especialización no dito ámbito.

5. ORZAMENTO

Considerando o gasto dos últimos anos, estímase que será preciso destinar 12.000€ (máis IVE) para o desenvolvemento do servizo, á espera de valorar as propostas presentadas.

Tratase dun concepto anual fixo xa previsible no gasto municipal.

Considerando o anterior, INFORMO

a necesidade de iniciar o procedemento administrativo de contrato menor para a contratación da prestación de servizos na piscina municipal durante os meses de xullo e agosto de 2024, a través da xestión dunha empresa externa.

Documento asinado electrónicamente polo técnico do servizo municipal de deportes do Concello de Valdoviño, na data indicada á marxe.”

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar o procedemento para a contratación de servizos (socorrismo, control de acceso e limpeza) para a apertura da piscina municipal de Lago en Valdoviño durante o período vacacional de verán nos meses de xullo e agosto de 2024

cunha estimación de gasto máximo de 12.000€ (máis IVE),

condicionado o dito importe ao resultado da valoración das propostas presentadas.

O Alcalde

Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C002/000005).

5º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/15.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/15.

Elabórese a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/15 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 13 facturas ascende á cantidade de CEN MIL SESENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (100.062,53 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/15 por importe bruto de 100.062,53 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000077).

6º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/17.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/17

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/17 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 6 facturas ascende á cantidade de CENTO TRINTA E SETE MIL NOVECIENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON OITO CÉNTIMOS (137.949,08 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/17 por importe bruto de 137.949,08 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000083).

7º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACION: PROXECTO REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MARTICES E OUTEIRO- FUNCHAL , AGADER (APROBACIÓN DE PROXECTO E EXPEDIENTE).-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Visto que AGADER concede a este Concello unha subvención para a obra **PROXECTO REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MARTICES E OUTEIRO - FUNCHAL**

Visto a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto ordinario factor prezo.

Vista a providencia de Alcaldía.

Visto o informe de secretaría de data 15.05.2024 e de intervención de data 11.06.2024, así como o informe do arquitecto municipal de data 15/05/2024, xustificativo da imposibilidade de dividir en lotes a presente obra.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o PROXECTO REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MARTICES E OUTEIRO – FUNCHAL redactado por Jose Manuel Saavedra Pantín, enxeñeiro técnico co número colexiado 978 e recibido no rexistro xeral co número 202499900000549.

SEGUNDO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, factor prezo, tramitación ordinaria, da obra **PROXECTO REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MARTICES E OUTEIRO - FUNCHAL**, polo prezo de **53.714,67 euros**, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de **11.280,08 euros**, o que supón un total de **64.994,75 euros**.

TERCEIRO: Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal de data 15.05.2024.

CUARTO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

QUINTO: Autorizar con cargo á partida orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal do exercicio 2024.

SEXTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C003/000005).

8º.- APROBACIÓN DO PROXECTO E NOMEAMENTO DO DIRECTOR DE OBRA: “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E REFORMA NO AUDITORIO DA CASA DA CULTURA DE VALDOVIÑO”.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación de proxecto técnico “ Mellora da accesibilidade e reforma no auditorio da casa da cultura de Valdoviño” e nomeamento de Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde.

O Concello de Valdoviño en data 12.02.2024 solicitou unha axuda ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servizos municipais, para concellos de Galicia no ano 2024, para o proxecto **Mellora da accesibilidade e reforma no auditorio da casa da cultura de Valdoviño** cun orzamento total de **39.556,70 euros**.

O obxectivo das obras a realizar na Casa da Cultura de Valdoviño é e a reparación do escenario e a instalación de un elevador no auditorio de forma que quede integrado e contextualizado coa edificación existente, que permita o acceso ao escenario e permita a

eliminación de barreiras ou calquera obstáculo ou impedimento físico que limite a liberdade de movementos dos individuos.

Vista a resolución da directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se concede unha axuda ao Concello de Valdoviño ao abeiro da antedita convocatoria para o proxecto **Mellora da accesibilidade e reforma no auditorio da casa da cultura de Valdoviño** por importe de 27.689,69 euros o que representa o 70% sobre o orzamento elexible do proxecto.

Considerando o proxecto “**Mellora da accesibilidade e reforma no auditorio da casa da cultura de Valdoviño**”, presentado no rexistro de entrada do Concello de Valdoviño con nº 932/2024 pola arquitecta colexiada COAG Nº 3013, Dña Victoria Alonso Caeiro. Conforme o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa concordante, esta Alcaldía:

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar o proxecto “**Mellora da accesibilidade e reforma no auditorio da casa da cultura de Valdoviño**” cun orzamento total de 39.556,70 euros.

Segundo.- Nomear como Directora de obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde a Dona Victoria Alonso Caeiro, Arquitecta colexiada COAG Nº 3013.

Terceiro.- Notificar a presente resolución aos interesados, con indicación dos recursos procedentes.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde: Alberto González Fernández (Asdo. Dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A008/000003).

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/